

| | |
|---|---|
| Rama de coñecemento | Xurídico-social |
| Prazas ofertadas | 30 |
| Créditos ECTS totais | 60 |
| Créditos ECTS do traballo de fin de mestrado | 6 |
| Presencialidade | Presencial |
| Universidades participantes | Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo |

Descrición

O Máster interuniversitario en xestión e dirección laboral foi promovido no ano 2006 polas tres universidades do sistema universitario galego. A ACSUG avaliouno favorablemente e a Xunta de Galicia autorizou a súa implantación (DOG de 08/02/2007, BOE 14/06/2007). O mestrado impártese nas universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e de Vigo dende o curso 2007/2008. Posteriormente, dende a publicación do RD 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se ordenan as ensinanzas universitarias oficiais, o Consello de Universidades verificou o mestrado. Cada universidade imparte unha das tres especialidades nas que o mestrado se estrutura:

- Universidade de Vigo: especialidade en dirección laboral de empresas
- Universidade de Santiago de Compostela: especialidade en xestión sociolaboral
- Universidade da Coruña: especialidade en recursos humanos

Renovación da acreditación: a ACSUG avaliouno favorablemente en xuño de 2015.

Perfil de ingreso recomendado

Persoas destinatarias prioritarias do mestrado:

- Graduados/as sociais
- Diplomados/as en Relacións Laborais
- Licenciados/as en Ciencias do Traballo
- Graduados/as en Relacións Laborais e Recursos Humanos
- Outras licenciaturas, diplomaturas ou graos en titulacións afíns

Criterios de selección: expediente académico.

En todo caso, a comisión académica resolverá os supostos específicos de admisión.

Saídas profesionais

Preparar profesionais de alto nivel para xestionar os recursos humanos da empresa, a mediación e a auditoría sociolaboral, e todo o relacionado coa seguridade social. Trátase de mellorar a profesionalidade dos egresados/as en titulacións ou graos relacionados coas relacións laborais.

O título incrementará a bagaxe económica das persoas procedentes do grao cun programa multidisciplinario no que se terán que afrontar as materias correspondentes ao ámbito das relacións laborais.

As potencialidades do mercado de traballo para absorber profesionais dos recursos humanos, das relacións laborais, do asesoramento legal neste eido e no da seguridade social é grande. De feito, vén de longo a demanda de persoas tituladas de grao medio e graduados/as sociais e diplomados/as en Relacións Laborais para contar coa posibilidade de ampliar os seus estudos nunha dimensión que permita o avance da súa empregabilidade e da súa situación no mercado de traballo.

| | |
|-------------------------|---|
| Máis información | Horario: as clases desenvolveranse os mércores, xoves e venres de 16.00 a 21.00 h |
| Coordinadora | Emma Rodríguez Rodríguez |
| Páxina web do mestrado | www.masterlaboral.es |
| Páxina web do centro | http://www.uvigo.es/uvigo_gl/Centros/vigo/lagoas_marcosende/fac_ciencias_xuridicas.html |
| Código RUCT: | 4312031 |
| Enlace ao RUCT: | https://www.educacion.gob.es/ruct/estudio.action?codigoCiclo=SC&codigoTipo=M&CodigoEstudio=4312031&actual=estudios |
| Teléfonos | +34 986 813 831/986 813 769 |
| Enderezos electrónicos | info@masterlaboral.es emmarodriguez@uvigo.es |